



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO

(ACTA NÚMERO 12)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. M^a. Del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Daniel García Fernández
D. Carlos López López

Secretaria:

D^a. Leticia Rodríguez Díaz

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **cinco de abril de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria a Xefa do Servizo de asistencia xurídica, técnica e económica aos concellos dona Leticia Rodríguez Díaz, e asiste como Interventora dona Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asiste o señor Deputado don Iván Castro Díaz.

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	1/30



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E DOUS DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de marzo de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación das prestacións do servizo de teleasistencia da Deputación de Lugo, consta no mesmo:

- 1.- Orden de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7XVS2LPEZ6WVGCWPQHA5HROY¹
- 2.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7XQWZ7B74N7BE66VGEK4HUAY
- 3.- Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa do Servizo de Benestar Social e igualdade, con CSV: IV7XWWWZIPUHT32NDSF5TBZTFAQ
- 4.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7XWWWJT3RHJVOEPXVEAOP2CNY
- 5.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7XQ2IOZYXTWW7C7QMS4FDGOU
- 7.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7XQ2ISD3XL3DGSSTQBE5SR6E
- 8.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7XQ2QIGHUOJ6VLYY7SCXYGMY.


Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da contratación das prestacións do servizo de teleasistencia, expediente 2024/CON_02/000021, para unha duración de un ano, con posibilidade de tres prórrogas de un ano cada unha, sen que a duración total, incluídas as prórrogas, exceda dos catro anos.

2º.- Aprobación do contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	2/30





contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio mediante a inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 393.360,00 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 15.734,40 €, o que fai un total de 409.094,40 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O importe financiarase de acordo coas seguintes anualidades:

2024 (7 MESES)	RC	2025 (5 MESES)	RC	TOTAIS
238.638,40	22024/7706	170.456,00	220249/106	409.094,40

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2024, polo importe relacionado, para a anualidade 2024.


A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2025 a cantidade indicada, na aplicación sinalada”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE OBRAS.

1º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: COSPEITO.- Rehabilitación de firme LU-P-1701 “Feira do Monte (LU-111)-Muimenta (LU-120)”, p.k. 0+000 a 6+000.

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	3/30



Logo de ver a proposta da Presidencia, a teor do seguinte texto:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: COSPEITO.- Rehabilitación de firme LU-P-1701 “Feira do Monte (LU-111) – Muimenta (LU-120)”, P.K. 0+000 A 6+000, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada , con CSV: IV7XUAJ5JMJK7VGZ5UFXIDZXEQ
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7XUAJ6FU4Y777LW36NGMTQOM
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7XUAIKZV6KVZENSTUQGHZWF4
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7XUAJSBMZMLNGIWYIDEEAVGU
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7XUPKZOBBI5K74YD5HI4CEOQ
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7XVWYDJMPZVOH76J5XOTXBGE
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7XVWY2NY46JVM2UB4CNZCVKA
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>


Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: COSPEITO.- Rehabilitación de firme LU-P-1701 “Feira do Monte (LU-111) – Muimenta (LU-120)”, P.K. 0+000 A 6+000, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 290.072,68 €, dos cales 50.343,19 € corresponden ao IVE (21%)”.

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	4/30





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada GUNTIN-FRIOL-PALAS DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 "LU-232-O BURGO-PALAS DE REI (N-547)", p.k. 18+445 a 21+370.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: GUNTIN-FRIOL-PALAS DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 "LU-232 – O Burgo – Palas de Rei (N-547)", P.K 18+445 A 21+370, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada , con CSV: IV7XVT3SJZ5IT3MYWPUXGMYWAQ
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7XVSCOJVZSUWRLWYYA6JHPKQ
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7XVSCSGBJKVT424BODB3SSGY
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7XVSCCTBUHPTWFZCQAMCZTRPY
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7XVWSMIFXTTDDZ66D6XMEIPKQ
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7XWWLZFR77XHPowUHUKQPCP4
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7XWWKK3QZMLGOPC5GMIAXTIY
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: GUNTIN-FRIOL-PALAS DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 "LU-232 – O Burgo – Palas de Rei (N-547)", P.K 18+445 A 21+370, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	5/30



artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 227.050,73 €, dos cales 39.405,50 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: PARADELA-O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-4201 “Pacios (LU-633)-Mosteirovello-LU-611”, p.k. 8+083 a 11+852.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: PARADELA – O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-4201 “Pacios (LU-633) – Mosteirovello – LU-611” P.K. 8+083 A 11+852, consta no mesmo:


1. Proxecto da obra indicada , con CSV: IV7XVQCZBEG5TVOC25QSB4Q7MQ
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7XVQDYJBRYVNF4UJHWG5JHDY
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7XVTZCHPZNXZ4UUFJRJYIV5Y
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7XVQDYEEZ3KREKUIE543TPGM
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7XVWS2DAMO3TVT64Q4IVI7J4
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7XWWL6MD4IZOEYQ5QD57XQKE
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7XWWL43N6ZXP4CTUPS6A3GEM
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: PARADELA – O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-4201 “Pacios (LU-633) – Mosteirovello – LU-611” P.K. 8+083 A 11+852, sometelo a información pública por

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	6/30





espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 144.649,78 €, dos cales 25.104,51 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DE OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación de firme LU-P-4003 “Coence (LU-P-4002)-Chorexe-Santa Mariña (LU-P-0306)”, p.k. 4+446 a 5+591.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 21/03/2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:


“(…)

Antecedentes.

- 1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WWX23CFXC3ZGC44MMIXYOU²*
- 2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: ANTAS DE ULLA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4003 “COENCE (LU-P-4002) – CHOREXE – SANTA MARIÑA (LU-P-0306)”, p.k. 4+446 A 5+591.*
- 3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7WUTJTBUH3LGOSSUWUOAK654*
- 4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7WW627HANC5K76QB7U6EIFIM*
- 5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7WW625B76OLVP4A374EZQD4A*
- 6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7WW7BLJPV75C4YXRPX7ZQGH4*
- 7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 01/12/2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o*

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	7/30



procedemento de adjudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7WWL70PUWJ7FOIAB6DOZQGG4

8. Publicación, o día 01/12/2023, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).
9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 12/01/2024, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7W6TJ4JQPLRZNNVDVHDIYKS4U, dando conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente e admisión das mesmas á licitación da obra indicada.
Unha vez abertos os arquivos relativos a "oferta técnica" remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.
11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7WEIK3FVW6XGOYRQYG6UJVAE, reunida en acto público con data 23/02/2024, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica -criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

EMPRESA	PUNTUACIÓN XUIZO VALOR
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	10,58
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU	9,25
EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	10,58
FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	8,25
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	13,58
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	11,25
OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	16,00
PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	16,00

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

ANTAS DE ULLA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4003 "COENCE (LU-P-4002) - CHOREXE - SANTA MARIÑA (LU-P-0306)", p.k. 4+446 A 5+591

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

98.620,42		
81.504,48	17.115,94	IVE. PARTIDA INDEPEND

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

2 MESES

MAX
1.630,09 €

EMPRESAS / (GRUPO)	DO C "A"	OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPA TE
		PREZO (IVE incluído.- art 102) (57,50)	MELLORAS (...) (10) cuneta revestida	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 3 ANOS (7,50)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	
1 CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	96.105,46 €	6 *	SI	1.369,82	46/0
2 CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU		93.679,54 €	51	SI	1.630,09	143/3
3 EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	98.620,42 €	300	SI	1.369,82	6/0
4 FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		88.330,00 €	50	SI	300,00	13/0

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	8/30





DEPUTACIÓN DE LUGO

5	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL		87.731,00 €	30,4	SI	995,87	232/4
6	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		98.600,70 €	0	NO	0,00	2/0
7	OVISIA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	B	82.534,10 €	0	SI	0,00	59/1
8	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	B	98.615,00 €	200	SI	1.600,00	195/5

Observase que a oferta presentada pola mercantil CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, no relativo ás melloras, indica unhas melloras que non son as incluídas no PCAP, polo que non se teñen en conta para a súa valoración, se ben, tendo en conta o indicado no PCAP "...No suposto que o adxudicatario tivera proposto melloras de índole económica ou técnica no momento de formular a súa oferta e, aínda que non fosen determinantes ou valorables para a adxudicación do contrato, as mesmas terán carácter contractual", de resultar adxudicatario a súa oferta debería ser cumprida.

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	OBXECTIVOS (80)									XUÍZO DE VALOR - SUBXECTIVOS (20)	TOTAL	
	PREZO (57,50)			MELLORAS (10)			AUMENTO PRAZO DE GARANTÍA 3 ANOS (7,50)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)			MEMORIA TÉCNICA (20)
	OFERTA (INCLUIDO IVA)	PTOS	UNIDADES	CUNETA REVESTIDA	PTOS	SI/NO		MAXIMO 2% V.E.	1.630,09 €	SEGUNDO INFORME TÉCNICO		
						SI/NO	PTOS					IMPORTE
1 CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	96.105,46 €	8,99	6,00	0,00	SI	7,50	1.369,82	4,20	10,58	31,27	
2 CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU		93.679,54 €	17,66	51,00	1,70	SI	7,50	1.630,09	5,00	9,25	41,11	
3 EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	98.620,42 €	0,00	300,00	10,00	SI	7,50	1.369,82	4,20	10,58	32,28	
4 FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		88.330,00 €	36,78	50,00	1,67	SI	7,50	300,00	0,92	8,25	55,12	
5 FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL		87.731,00 €	38,92	30,40	1,01	SI	7,50	995,87	3,05	13,58	64,06	
6 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		98.600,70 €	0,07	0,00	0,00	NO	0,00	0,00	0,00	11,25	11,32	
7 OVISIA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	B	82.534,10 €	57,50	0,00	0,00	SI	7,50	0,00	0,00	16,00	81,00	
8 PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	B	98.615,00 €	0,02	200,00	6,67	SI	7,50	1.600,00	4,91	16,00	35,10	


De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	96.105,46 €
2	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU		93.679,54 €
3	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	98.620,42 €

MEDIA
91.163,47

BAIXA DESPROPORCIONADA

IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU		Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	9/30



4	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		88.330,00 €	82.047,12
5	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL		87.731,00 €	
6	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		98.600,70 €	10% ARRIBA
7	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	B	82.534,10 €	100.279,81
8	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	B	98.615,00 €	
				Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
				EXCAVACIONES SANTIÑOS SL
				PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

- A. Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
1	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	B	81,00
2	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL		64,06
3	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		55,12
4	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU		41,11
5	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	B	35,10
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	32,28
7	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	31,27
8	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		11,32

- B. Requirir á empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU para que, dentro do prazo de 10 DÍAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos fixados no PCAP e a constitución da garantía definitiva por importe de 3.410,50 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. Por resolución da Presidencia de data 28/02/2024, con CSV: IV7WGWJJNX6KRBH25Q7BAF700E, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, para que

IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU		Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	10/30





dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 29/02/2024, rematando o prazo de presentación o día 13/03/2024. A mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, presentou a documentación requirida o 13/03/2024 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 21/03/2024, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:


*1. Adxudicar á empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU con C.I.F. B-15016207 representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro con DNI ***7191**, a contratación da obra denominada ANTAS DE ULLA-REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4003 "COENCE (LU-P-4002) - CHOREXE - SANTA MARIÑA (LU-P-0306)", p.k. 4+446 A 5+591. (2023/CON_02/000068) nos termos seguintes:*

- a. Prezo de 82.534,10 €, dos cales 14.324,10€ corresponden ao IVE (21%).*
- b. Aumento do prazo de garantía en 3 anos por enriba do obrigatorio.*
- c. Prazo de execución previsto nos pregos coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, de ser o caso (2 meses menos 15 días hábiles)*

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; diminución do prazo de execución, de ser o caso e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	11/30



2. Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.
3. Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.
4. Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.
5. Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU con C.I.F. B-15016207 representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro con DNI ***7191**, a contratación da obra denominada ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación de firme LU-P-4003 “Coence (LU-P-4002) – Chorexe – Santa Mariña (LU-P-0306)”, p.k. 4+446 A 5+591. (2023/CON_02/000068) nos termos seguintes:

- a. Prezo de 82.534,10 €, dos cales 14.324,10€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Aumento do prazo de garantía en 3 anos por enriba do obrigatorio.
- c. Prazo de execución previsto nos pregos coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, de ser o caso (2 meses menos 15 días hábiles)

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; diminución do prazo de execución, de ser o caso e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	12/30





3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DECLARAR DESERTA A LICITACIÓN DA OBRA EN LUGO.- REPARACIÓN DE CUBERTA E SUBSTITUCIÓN DE POLICARBONATO NOS LUCERNARIOS DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 21/03/2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

13. Pola Mesa, en reunión celebrada o 07/03/2024 acordou requirir a mercantil LUGOCANAL SL, para que no prazo de 3 días hábiles achegue a través da Plataforma de Contratación do Sector Público a documentación considerada incompleta ou errónea, no arquivo creado ao efecto, indicádolle que tanto a solvencia como o obxecto social, deben de cumprirse na data de remate de presentación de ofertas. A documentación a presentar era:

- Acreditación do cumprimento da aptitude e capacidade para contratar, tendo en conta o obxecto social da empresa, indicado nos seus estatutos, e o obxecto do contrato, así como o establecido na cláusula 6 do PCAP que indica “...As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias dos contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto e ámbito da actividade que a teor dos seus estatutos ou regras de actividade lles sexan propias, e disporán unha organización con elementos persoais e materiais abondos para a debida execución do contrato. (...) Os contratistas deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato”.
- Acreditación da solvencia económica e financeira, nos termos indicados no PCAP, toda vez que achega unha declaración responsable na que unicamente indica o volume de negocios dos tres anos anteriores, pero o PCAP indica “Volume anual de negocios do licitador ou candidato, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos o volume anual de negocios debe de ser como mínimo o 1,5 do valor estimado

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	13/30



do contrato. O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil. Esta documentación presentarase acompañada de unha declaración do empresario indicando o volume de negocios global da empresa.

- Acreditación da adscripción ao contrato dos medios mínimos establecidos no PCAP: Compromiso relativo a adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais indicados no PPT ou PCAP coa condición de mínimos. Deberá concretarse a dispoñibilidade dos medios mínimos e o compromiso firme de telos dispoñibles precisando os recursos existentes e/ou as medidas adoptadas para a efectiva presenza de todos os medios esixidos e precisados na oferta do adxudicatario, ao inicio da prestación e durante a súa execución, en función das necesidades das unidades de obra a executar, achegando declaración responsable sobre dita dispoñibilidade de ditos medios mínimos, tanto persoais como materiais, indicados no recadro resume.

14. A mercantil LUGOCANAL SL, presentou documentación requirida o 12/03/2024, dentro do prazo outorgado a través da Sede electrónica da Deputación de Lugo, no expediente 2024/PES_03/004796.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 21/03/2024, ós efectos da avaliación e comprobación da documentación requirida a fin de complementar ou emendar a establecida na cláusula 17 do PCAP, en relación co artigo 150 da LCSP, compróbase que a empresa LUGOCANAL SL presenta escritura de ampliación de obxecto social de data 12/03/2024, e dicir de data actual, polo que a data de finalización de ofertas, o obxecto social non a facultaba de acordo ao obxecto da licitación, en base a documentación presentada (escritura e estatutos), para ser adxudicatario da referida obra.

Tendo en conta o anterior, pola Mesa considerase incompleta a documentación remitida pola mercantil LUGOCANAL SL, no trámite correspondente á achega da mesma, e no de emenda, achegando escritura de ampliación do obxecto social, se ben ten data 12/03/2024, e dicir posterior á finalización do prazo para presentar as proposicións, data na que o obxecto social da mercantil LUGOCANAL SL non era conforme para a presentación á licitación, nos termos expostos na cláusula 6 do PCAP en relación cos artigos 66 e 84 da LCSP, ao non figurar como obxecto social da mercantil un obxecto coincidente co obxecto da contratación, polo que por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1. Excluir do procedemento de licitación á mercantil LUGOCANAL SL, ao non acreditar a súa capacidade de obrar do licitador nos termos expostos na cláusula 6 do PCAP

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	14/30





en relación cos artigos 66 e 84 da LCSP, ao non habilitar o obxecto social da mercantil para a execución do contrato.

2. *Declarar deserta a licitación da obra LUGO.- Reparación de cuberta e substitución de policarbonato nos lucernarios do Museo Provincial de Lugo (2023/CON_02/000056) por falta de acreditación da capacidade de obrar dos licitadores nos termos expostos na cláusula 6 do PCAP en relación cos artigos 66 e 84 da LCSP, ao non habilitar o obxecto social ou a solvencia das mercantís presentadas para a execución do contrato, segundo o establecido no PCAP.*
3. *Que se proceda á devolución da garantía depositada pola mercantil LUGOCANAL SL, ao non poder ser adxudicada a referida obra.*
4. *Que se de traslado do acordo ao Servizo de Arquitectura e a Intervención aos efectos oportunos”.*

Tendo en conta ademais as anteriores Actas das Mesa de contratación, así como a Resolución da Presidencia de data 03/02/2024.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Excluir do procedemento de adxudicación do contrato á mercantil Medioambiental Lucense SLU, por non acreditar, en base ao informe do Servizo de Arquitectura, a solvencia técnica e profesional necesaria para a licitación e execución do contrato segundo o establecido no PCAP.

2º.- Excluir do procedemento de licitación á mercantil LUGOCANAL SL, ao non acreditar a súa capacidade de obrar do licitador nos termos expostos na cláusula 6 do PCAP en relación cos artigos 66 e 84 da LCSP, ao non habilitar o obxecto social da mercantil para a execución do contrato.

3º.- Declarar deserta a licitación da obra LUGO.- Reparación de cuberta e substitución de policarbonato nos lucernarios do Museo Provincial de Lugo (2023/CON_02/000056) por falta de acreditación da capacidade de obrar dos licitadores nos termos expostos na cláusula 6 do PCAP en relación cos artigos 66 e 84 da LCSP, ao non habilitar o obxecto social ou a solvencia das mercantís presentadas para a execución do contrato, segundo o establecido no PCAP.

4º.- Que se proceda á devolución da garantía depositada pola mercantil LUGOCANAL SL, ao non poder ser adxudicada a referida obra.

5º.- Que se de traslado do acordo ao licitadores, ao Servizo de Arquitectura e a Intervención aos efectos oportunos”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	15/30



6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE OBRAS DE EMERXENCIA.

Proposta de aprobación, se procede, en relación coa actuación por emerxencia da obra de SARRIA.- Substitución de obra de drenaxe transversal na LU-P-5702 no p.k. 1+610.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Servizo de Vías e Obras remitiuse informe-proposta de data 20/03/2024, ao que prestou conformidade a Presidencia, en relación coa actuación de emerxencia que se sinala, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“A estrada provincial LU-P-5702 denominada “Pedrafita (LU-P-5703)-Sabadelle-Vilanova de San Vicente de Froian” salva, no seu p.q. 1+610 aproximadamente, un curso de auga denominado Rego de Monelo, mediante unha obra de drenaxe transversal constituída por tres pequenos muros de cachotería sobre os que apoia unha lousa de formigón.

O envorco dun dos muros de acompañamento existente augas abaixo (ver anexo 3: fotografías) alertou ao persoal do Servizo de Vías e Obras polo que se realizou unha inspección visual mediante a que se puido comprobar que existe un afundimento na calzada (ver anexo 3: fotografías) e unha socavación na saída da obra de drenaxe (ver anexo 3: fotografías).

A socavación que se está producindo na saída probablemente esté a causar un envorco dalgún dos muros de cachotería que constitúen o corpo da obra de drenaxe o que, en último termo, causa o afundimento na calzada. De persistir esta situación, podería producirse o colapso da obra de drenaxe polo que, para evitar danos materiais e/o persoais, e polo manifesto risco que supón para os usuarios da vía, procedeuse ao corte da circulación no carril afectado.

Para restituir a circulación en condicións de seguridade, faise preciso acometer con carácter inmediato as actuacións precisas para demoler a obra de drenaxe existente e substituíla por unha de nova construción.


Polas circunstancias expostas, de carácter excepcional, e que supoñen grave perigo, proponse tramitar o expediente de contratación por emerxencia segundo o establecido no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), executando as obras coa colaboración dun empresario particular –de conformidade co artigo 30.1 da LCSP- xa que a Deputación de Lugo non conta cos medios materiais nin persoais necesarios.

(...)”

Tendo en conta o anterior infórmase o seguinte:

PRIMEIRO.- O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) establece que: “Cuando la administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro, (...)”

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	16/30





a) El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente administrativo podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente.”

SEGUNDO.- Tendo en conta o dano da estrada da rede viaria Provincial, o que conlevou o “corte da circulación no carril afectado”, e ponderando que os tempos necesarios para a tramitación incluso urxente dun procedemento de licitación, para responder ás incidencias, estenderíase a un prazo non inferior un mes, parece prudente que ante estes acontecementos que conlevan situacións de grave perigo para persoas e bens se poida executar as actuacións que permitan por en servizo dita estrada o mais áxil posible, evitando posibles maiores danos materiais e/ou persoais.

Debe terse en conta a estes efectos, que o propio artigo 120 da LCSP, establece incluso un prazo máximo dun mes para o inicio da prestación por vía de emerxencia.

Así mesmo, e tendo en conta a imposibilidade de facer unha valoración real do custe de realizar estas actuacións, achégase orzamento estimado elaborado polo Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras, D. Darío Ferreiro Otero, por importe de 68.949,84 euros, dos cales 11.966,50€ correspondería ao IVE. O orzamento leva incluído o incremento 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Non obstante en relación co procedemento de realización de obras por razóns de emerxencia, o artigo 176 do RD 1098/2001, establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, poderán realizarse contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Neste caso incorporase ao expediente un orzamento estimado, asinando a súa conformidade a empresa colaboradora, así como un anexo 2 denominado condicións particulares, baixo as que se deberá executar a obra e reportaxe fotográfico.

TERCEIRO.- Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado polo Servizo de Vías e Obras, a estimación do custo concretarase unha vez terminadas as obras, redactándose a documentación técnica descritiva que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RXLCAP, e en base ao cal se liquidarán as obras mediante relación valorada.

CUARTO.- O órgano competente para resolver sobre o asunto, en función da contía, ao tratarse dunha materia de prestación de tipo contractual (prestación recíproca de orde oneroso) é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 do

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	17/30



Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020.

Conclusión

A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, infórmase favorablemente que polo Órgano de Contratación, se tramite por emerxencia a execución da obra de SARRIA.- Substitución de obra de drenaxe transversal na LU-P-5702 no p.k. 1+610 como consecuencia do envorco dun dos muros de acompañamento que provocou afundimento na calzada, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras, ordeando á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada e considerar que dispón de medios nas proximidades para acometer as obras de maneira inmediata, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 68.949,84€, IVE incluído, ao cal prestou a súa conformidade, e liquidándose a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP), formulándose pola Área de Xestión Territorial as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada. E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”


Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar de emerxencia a execución da obra de SARRIA.- Substitución de obra de drenaxe transversal na LU-P-5702 no p.k. 1+610, como consecuencia do envorco dun dos muros de acompañamento que provocou afundimento na calzada, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 68.949,84€ euros, IVE incluído.

2º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, e considerar que dispón de medios nas proximidades para acometer as obras de maneira inmediata, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 68.949,84€, IVE incluído, o cal prestou a súa conformidade.

3º.- As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	18/30





económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

4º.- Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE EXTINCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO, A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:


En relación ao asunto de referencia (EXP.: 2024/XEN_01/000296) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe:

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 2 de febreiro de 2024, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

*“Primeiro: O inicio da extinción do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial de Lugo, e o Concello de Lugo, formalizado o 4 de xullo de 1988, e da súa liquidación, no senso de determinar que non quedan obrigas e compromisos pendentes por ningunha das partes asinantes.
Segundo: Comunicar aos representantes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Universidade de Santiago de Compostela e do Concello de Lugo, que dispoñen de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, para alegar e presentar os documentos e xustificacións que se estimen pertinentes.”*

SEGUNDO: Non consta que por parte dos representantes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Universidade de Santiago de Compostela e do Concello de Lugo se efectuasen alegacións ou se aportasen documentos no prazo establecido a tal efecto.

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	19/30



Por todo o exposto informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a extinción do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial de Lugo, e o Concello de Lugo, formalizado o 4 de xullo de 1988, por incorrer en causa de resolución (artigo 51.2.A) da lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público e se determine que non quedan obrigas e compromisos pendentes por ningunha das partes asinantes (aos efectos da liquidación do mesmo)."

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se acorde o seguinte acordo:

Extinguir o Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial de Lugo, e o Concello de Lugo, formalizado o 4 de xullo de 1988, por incorrer en causa de resolución (artigo 51.2.A) da lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, non quedando obrigas e compromisos pendentes por ningunha das partes asinantes (aos efectos da liquidación do mesmo)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


8.- PROPOSTA SOBRE A PRÓRROGA DO ACORDO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E MAREMTA 2022, SL, RELATIVO Á CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN PROVINCIAL DENOMINADO INSTALACIÓNS EN PONTE DO SIL, CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Con data de 5 de xullo de 2022 asínase o acordo entre esta Entidade Provincial e MAREMTA 2022, SL, concesionaria do ben provincial denominado Instalacións en Ponte do Sil por acordo da Xunta de Goberno Provincial ordinaria celebrada o 17 de xuño de 2022, e no marco do prego de cláusulas administrativas aprobadas por acordo da Xunta de Goberno celebrada o 1 de abril de 2022.

Tendo en conta que 5 de xullo de 2024 vence o prazo dos dous primeiros anos de vixencia do devandito acordo da concesión demanial comprendido entre o 06.07.2022 e o 05.07.2024 segundo o disposto na súa cláusula OITAVA: *"O prazo de duración da concesión demanial será de 2 ANOS, contados a partir do día seguinte á formalización en documento administrativo da presente concesión demanial. Finalizado este período haberá posibilidade de prórroga, por mutuo acordo das partes, por 2 anos máis, de ano en ano. A prórroga deberase acordar expresamente dentro dos tres meses anteriores á finalización da mesma. En todo caso, a duración total da presente concesión, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 4 anos."*

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	20/30





Vista a declaración de interese de prórroga formulada polo concesionario con data 1 de febreiro de 2024, e presentación das facturas que acreditan o cumprimento dos investimentos comprometidos.

Visto o informe da Tesoureira Provincial emitido o 23.02.2024 con CSV IV7WEKHNZYZSWWRL2QQUN4CO54, no que se conclúe que o concesionario está ao corrente no pagamento do canon polo período correspondente 06.07.2022 - 05.07.2024.

Visto o informe de data 1 de marzo de 2024 da xefa de Sección III de Patrimonio, responsable da concesión demanial -por acordo da Xunta de Goberno do 1 de abril de 2022-, relativo á prórroga da concesión demanial para a utilización privativa do ben de dominio público denominado "Instalacións en Ponte do Sil no Concello de Monforte de Lemos" emitido baixo o CSV IV7WGY3FQFOLKHT5Q7W53XU6M no que conclúe que cumpridas as obrigas contractuais existentes ata o 05.07.2024, en virtude do interese manifestado polo concesionario en exercitar o seu dereito a prórroga e dado que está prevista esta posibilidade por mutuo acordo das partes e ata un máximo de 4 anos estímase que se reúnen os requisitos para proceder á prórroga da presente concesión demanial por un ano mais, do 06.07.2024-05.07.2025, sendo para este período a cantidade comprometida en inversións de 4.155,26 € máis IVE, na aplicación proporcional das melloras ofertadas na dita Cláusula 10 polo concesionario, co canon establecido na devandita Cláusula 9 do acordo reitor.


Visto o informe da Intervención Provincial asinado o 20.03.2024 baixo o CSV IV7XVW7NBJMOKXV7DVIEANLWOI no que, entre outros, conclúe favorablemente a tramitación do expediente.

Visto o informe do Servizo de Turismo asinado o 22.03.2024 baixo o CSV V7XWWLNBU6C3GVYS5MBMNABL4 que sinala a reserva a favor do desenvolvemento da rutas fluviais dos espazos que contempla a cláusula 3 do acordo reitor: (...) *a parte baixa do edificio queda a disposición da Deputación de Lugo para a realización de actividades de titularidade provincial.*

Visto o informe da Secretaría Xeral e da Sección de Patrimonio asinado o 26.03.2024 baixo o CSV IV7XWDAKFU7K4TJ6WRGFC7E0E no que conclúe que o procedemento conducente á celebración da devandita prórroga por un ano mais dende o 06.07.2024 ata o 05.07.2025 adecúase a lexislación vixente e en particular ao acordo reitor da concesión demanial deste ben provincial denominado Instalacións en Ponte do Sil asinado entre a Deputación de Lugo e MAREMTA 2022.

En base a todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	21/30



Aprobar a prórroga do acordo relativo á concesión demanial do ben provincial denominado Instalacións en Ponte do Sil asinado o 05 de xullo de 2022, por mutuo acordo das partes, durante un ano máis, do 06.07.2024-05.07.2025, atendendo a que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non poderá exceder dos catro anos”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN ERROS NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2023, RELATIVA Á PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO “PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023”.

Tras ver a proposta do deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, a teor do seguinte texto:

“Visto o informe do Servizo de Cooperación e asistencia aos concellos de data 4 de marzo de 2024 no que se di:


“Apreciado erro de transcripción no importe da subvención solicitada e concedido, correspondente ao expediente nº SUBDOT-2023/070, MVMC REGUEIRAL Y EIROS, na relación de solicitudes estimadas, do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (núm. 285) o 14 de decembro de 2023, segundo o art. 109.2 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, no que dí “ Las Administraciones públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”, procede a corrección de erro material nos seguintes termos:

Onde dí:

ANEXO I

SOLICITUDES ESTIMADAS AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	22/30





Nº EXPEDIENTE	TITULAR	% PARTI C	NIF/CIF	CONCEPTO	SUBVENCIÓN N SOLICITADA	BAREMO	CONCELLO	CONCEDIDO
SUBDOT-2023/070	MVMC REGUEIRA L E EIROS		V2732504 2	MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO LG. DE TORÉS	5.696,00 €	47,5	NOGAIS, AS	5.696,00 €

Debe decir:

ANEXO I

SOLICITUDES ESTIMADAS AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.

Nº EXPEDIENTE	TITULAR	% PARTI C	NIF/CIF	CONCEPTO	SUBVENCIÓN N SOLICITADA	BAREMO	CONCELLO	CONCEDIDO
SUBDOT-2023/070	MVMC REGUEIRA L E EIROS		V2732504 2	MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO LG. DE TORÉS	5.695,00 €	47,5	NOGAIS, AS	5.695,00 €

Por todo elo, propónse á Xunta de Goberno a súa corrección nos termos anteriormente mencionados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2023/072, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.

Tras ver a proposta do deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, a teor do seguinte texto:

“Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularan alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/072, correspondente á Comunidade de usuarios da auga de Louxas en constitución as obras de “Mellora traída de augas en Louxas”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	23/30



A Comunidade de usuarios da auga de Louxas en constitución, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 12 de decembro de 2023.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 12 de decembro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Comunidade de usuarios da auga de Louxas en constitución (A Fonsagrada), tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/072, destinada ás obras de “Mellora traída de augas en Louxas” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANO 2022.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 22 de setembro de 2022, onde se resolveu o concurso convocado, segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia 232, de data 10 de outubro de 2022, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural, anualidade 2022; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da señora Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona, polo importe que así mesmo se indica:

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
2022_CCP_01_000440	ASOC ANPA CEIP O SALVADOR	G27475532	459,00

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	24/30





12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2023.

Tras ver a proposta do Vicepresidente, a teor do seguinte texto:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 28 de xullo de 2023, pola que se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 064, do sábado 18 de marzo de 2023, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2023.

Á vista de que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excma. Deputación Provincial de Lugo, a renuncia á respectiva subvención concedida no referido concurso de concorrencia competitiva.

Tendo en conta que consta no respectivo expediente a respectiva solicitude de renuncia:

Nº REX	CATEGORIA	NOME ENTIDADE	C.I.F.	NOME ACTIVIDADE	Subvencion
2023/PES_03/005644	Actividade competitiva federada 2023	CLUB CICLISTA LA VIVARIENSE	G27467075	CICLISMO	1296,00 €


Tendo en conta o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Polo exposto, o deputado que subscribe, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aceptar de plano a renuncia formulada pola entidade beneficiaria Club Ciclista La Vivariense relativa á subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, destinada a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2023”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	25/30



13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIONES DESTINADAS A INVERSIONES EN INSTALACIONES DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS REALIZADOS POR ASOCIACIONES DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, AÑO 2023.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvenciones concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica celebrada o día 13 de decembro de 2023 onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 289, do día 19 de decembro de 2023, para a concesión de subvenciones destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2023; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da señora Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona, polo importe que así mesmo se indica:


N.º EXPEDIENTE	ENTIDADE	CIF	IMPORTE SUBVENCIÓN	DENOMINACIÓN ACTUACIÓN
2023_CCP_01_000796	CORAL POLIFÓNICA DE CHANTADA	V27029693	1.177,00€	ADQUISICIÓN DE GRADA PARA COROS

14.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO AO COBRO TOTAL DAS SUBVENCIONES CONVOCADAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, NA ANUALIDADE 2022.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, a teor do seguinte texto:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades culturais que se reflicten na listaxe anexa, correspondentes ás subvenciones concedidas, por acordo da Xunta de Goberno de data 30 de setembro de 2022, ao abeiro da convocatoria polo procedemento de concorrencia competitiva, para a concesión de subvenciones destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2022, convocado mediante extracto da convocatoria publicada no BOP nº 056 de 10 de marzo de 2022.

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	26/30






Visto o informe do Servizo de Cultura no que se indica:

“

1. Na Xunta de Goberno do día 25 de febreiro de 2022, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2022, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.
2. Con data 10 de marzo de 2022, a convocatoria publícase no Boletín Oficial da Provincia número 056, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do citado extracto da convocatoria.
3. Con data 30 de setembro de 2022, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión definitiva de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2022, así como as solicitudes desestimadas
4. Con data 10 de outubro de 2022, publícase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 232, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 30 de setembro de 2022.
5. A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.
6. A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2023 (...)”.
Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada na Deputación de Lugo, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de 15 días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención – previo trámite do expediente - (...) de conformidade ao establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	27/30



novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.


Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o corresponde procedemento con audiencia do interesado”

7. Que unha vez finalizado o prazo para a entrega das contas xustificativas e revisadas as mesmas polo Servizo de Cultura, detectáronse unha serie de deficiencias, motivo polo cal, as asociacións que figuran na relación que se adxunta foron requiridas por Resolución de Presidencia, de data 13 de xullo de 2023, para que nun prazo de 10 días procederan á súa emenda en virtude do sinalado no punto 3, 11 e 12 das Bases reguladoras do mencionado concurso e, no artigo 71.2 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención. Así mesmo, advertíaselles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levaría consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, de conformidade co establecido no artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
8. Transcorrido o citado prazo de 10 días que se lles concedeu ás asociacións relacionadas, e non sendo atendido o citado requirimento, ou sendo atendido este pero presentada a documentación incorrectamente, a Presidencia desta Excma. Deputación de Lugo, resolveu, con data 1 de marzo de 2024, iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2021, aprobadas pola Xunta de Goberno do día 30 de setembro de 2022, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.
9. Con data 4 de marzo de 2024, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada, na que se lles comunica que, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa lles foron requiridos no seu momento.
10. Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de audiencia, as asociacións culturais que se reflicten na listaxe anexa, non presentaron na Deputación de Lugo, alegacións ou documentación que subsanen a súa conta xustificativa.

En base ao antedito, esta Xefatura de Servizo informa:

Que procede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións que se reflicten na listaxe, concedidas, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 30 de setembro de

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	28/30





2022, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2021, convocado mediante anuncio publicado no BOP n.º 056 de 10 de marzo de 2022, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS, e dos puntos 11 e 12 das Bases da Convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, a Deputada Delegada que suscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións que se reflicten na listaxe anexa, concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno do día 30 de setembro de 2022, polo que se resolveu o concurso de subvencións de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2022, convocado mediante anuncio publicado no BOP n.º 056, de 10 de marzo de 2022, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.


LISTAXE

Nº EXPEDIENTE	ASOCIACIÓN	ACTIVIDADE	IMPORTE
2022_CCP_01_000034	ASO CULTURAL O CRUCEIRO	MAGOSTO	1.166,00
2022_CCP_01_000421	A.P.A. RÍO MIÑO	OBRADOIRO INICIACIÓN AO TEATRO	570,00
2022_CCP_01_000481	APA DEL COLEGIO PÚBLICO DE CÁDAVO (BALEIRA)	CAMPAMENTO CULTURAL DE VERÁN E FESTA FIN DE CURSO	1.333,00
2022_CCP_01_000436	ASOC CULTURAL XAQUEDRUM	CADERNOS INICIACIÓN A XADREZ	1.068,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE 22 DE MARZO DE 2004 DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA DELEGADA NA XUNTA SE GOBERNO PARA APROBACIÓN DE AMPLIACIÓN DE PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DA CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	29/30



ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA SE LUGO DA ANUALIDADE 2024.

Dáse conta da Resolución de Presidencia de 22 de marzo de 2024 de avocación de competencia delegada na Xunta de Goberno para aprobación de ampliación de prazo de presentación de solicitudes da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo da anualidade 2024, aprobada por acordo de Xunta de Goberno de 1 de marzo de 2024 e cuxo extracto se publicou no BOP nº 058 de data sábado, 9 de marzo de 2024; en base ás diversas incidencias producidas no acceso e proceso de sinatura e rexistro telemático e na aplicación @firma da rede SARA, que puideron afectar á presentación de solicitudes dentro da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva.

A Xunta de Goberno queda enterada.

16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.

O PRESIDENTE,

A SECRETARIA,

	IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Fecha y Hora	09/04/2024 15:30:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQLTMZ3UOZNM66VXUN5KWIU	Página	30/30

